

ESTATUTOS DA "ASOCIACIÓN LÍRICA E CULTURAL DE GALICIA"

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓN
ESTATUTOS VISADOS

Art. 1º. Coa denominación de **Asociación Lírica e Cultural de Galicia** constitúese no Concello de A Coruña unha Asociación multidisciplinar, sen ánimo de lucro, para potenciar, fomentar e difundir a Arte, a Educación, a Solidariedade e a Cultura en xeral (e a galega en particular) en todos os seus aspectos e expresións a través de actividades para a cidadanía, así como o fomento e desenvolvemento da Arte Lírica en especial, de acordo co establecido na vixente Lei de Asociacións 1/2002, de 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, polos presentes estatutos, e demais lexislación aplicable.

Art. 2º. A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Art. 3º. O domicilio principal estará situado na rúa Tornos, nº 20 baixo de A Coruña (CP: 15007). Poderán ser creados locais sociais noutras cidades mediante acordo da Asemblea Xeral, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ao Organismo encargado do Rexistro.

Artigo 4º. O ámbito territorial no que a asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é a Comunidade Autónoma de Galicia, con proxección nacional e internacional.

Artigo 5º. A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico. Só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación Lírica e Cultural de Galicia para a consecución dos seus fins desenvolverá as súas funcións sen supeditación a grupos ou poderes políticos, relixiosos, económicos ou sociais de calquera outra clase.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Art. 6º. Son **FINS** principais da Asociación:

- Potenciar, fomentar e difundir a cultura en xeral, e a galega en particular, así como o seu patrimonio, en todos os seus aspectos e expresións a través de actividades para a cidadanía.
- Contribuír á recuperación do canto lírico, a ópera, a zarzuela e o teatro musical de calidade nas novas xeracións da sociedade galega.
- Acadar o desenvolvemento integral do individuo a través da práctica habitual e sistemática da música, especialmente do canto lírico e a música clásica.
- Contribuír á educación e promoción integral dos nenos e das nenas, empregando a música, axudando a mellorar as condicións da vida infantil e xuvenil mediante o desenvolvemento de actividades culturais nos momentos de ocio e tempo libre educativo para nenos/as e rapaces e rapazas.
- Combater e previr a exclusión social, prestando servizos culturais e de acción social a menores, xoves e adolescentes en risco de exclusión por motivos de fracaso escolar, falta de capacitación profesional, o que proveñan dun entorno social ou familiar deteriorado, ou vítimas de situacións de abandono ou maltrato físico ou psíquico; mulleres en situación de vulnerabilidade ou en risco de estalo; minorías étnicas, emigrantes e inmigrantes e/ou cantas outras formas de exclusión social e marxinação poidan presentarse.
- Fomentar o respecto dos Dereitos Humanos e da dignidade das persoas, calquera que sexan o seu sexo, raza, condición social ou confesión relixiosa.
- Cooperar no desenvolvemento e mellora da Educación e a Cultura en todas as súas manifestacións e aspectos favorecendo a renovación dos medios tradicionais de planificar, comunicar e organizar programas culturais, así como de xerar novas ideas que activen os procesos de creación cultural e a súa difusión.
- Promover e impulsar o voluntariado, así como sensibilizar á sociedade sobre a importancia de formar parte activa da acción voluntaria, fomentando o compromiso persoal e a participación social, favorecendo a loita contra a exclusión Social de calquera persoa e a transformación da sociedade cara un novo modelo, máis xusto e habitable, desenvolvendo actitudes persoais e comunitarias de solidariedade, compromiso social, altruísmo, responsabilidade e participación.

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as **ACTIVIDADES** seguintes:



- Participar, organizar e colaborar en actividades musicais e culturais, accións de sensibilización e divulgación cultural, e difundir programas e actuacións auspiciadas pola asociación a nivel nacional e internacional, especialmente de canto lírico.
- Organizar actividades culturais, sociais ou de outra índole con finalidades formativas ou culturais no eido artístico e educativo coma talleres, cursos, xornadas, congresos, simposios, táboas redondas, espectáculos, concertos,...
- Realizar publicacións periódicas como marco público das actividades da asociación.
- Organizar actividades educativas e de formación non regrada, charlas informativas e divulgativas, cursos, xornada e congresos.
- Ofrecer formación musical, especialmente en materia de Ópera, Zarzuela e Canto Lírico en xeral a cantantes de talento, así como fomentar a reciclaxe profesional e a formación especializada das persoas vinculadas á actividade da creación, produción, distribución e exhibición de espectáculos de teatro e música.
- Promover a actividade investigadora especialmente no eido musical e máis concretamente no Teatro Lírico.
- Participar, organizar ou colaborar, sempre que se poida, en todos aqueles actos de carácter benéfico, recreativo ou cultural, que se nos soliciten e nas que inclúan exhibicións de música e teatro, en exposicións ou presentacións relacionadas con este fin.
- Desenvolver actividades culturais, educativas, asistenciais e recreativas apropiadas para a mellor atención á poboación.
- Proporcionar atención especializada ás persoas con problemas de aprendizaxe e/ou trastornos relacionados.
- Patrocinar becas de estudo para persoas dotadas de características vocais e artísticas meritorias e escasos recursos económicos. Ademais, ofreceranse becas de estudo para menores, xoves e adolescentes en risco de exclusión por motivos de fracaso escolar, falta de capacitación profesional, ou provenientes dun entorno social ou familiar deteriorado, ou vítimas de situacións de abandono ou maltrato físico ou psíquico; mulleres en situación de vulnerabilidade ou en risco de estalo; minorías étnicas, emigrantes e inmigrantes e/ou cantas outras formas de exclusión social e marxinação poidan presentarse, sempre que xustifiquen tales situacións.
- Apoiar a estrea de novas obras de compositores actuais, talleres de técnica e interpretación vocal, clases maxistrals, etc. con finalidades formativas, artísticas e de difusión cultural.

Para levar a cabo este proxecto, crearanse os seguintes **departamentos**:

1. Cultural

- Aula de canto da Asociación Lirica de Galicia
- Taller de ópera-estudio "Ardora"
- Compañía Lirica de Galicia
- Talleres artísticos, onde se desenvolverán actividades variadas relacionadas coas artes, o teatro, o cine, a creación literaria, a fotografía, etc.
- Actividades relacionadas por unha parte coa percepción activa e a escoita atenta, e por outra, coa expresión e a elaboración musical, valorando en todo momento as relacións que se establecen entre a música e a cultura para desenvolver a capacidade creativa, o espírito crítico e a sensibilidade artística do alumnado.

2. Pedagóxico

- Talleres de estudo para intentar facer ao alumno/a o protagonista, responsable da súa aprendizaxe, que constrúe o coñecemento, modifica e elabora os seus esquemas partindo dos seus coñecementos previos, reflexiona e obtén conclusións.
- Cursos e Talleres de formación non regrada, xornadas, congresos e charlas informativas e divulgativas.
- Talleres de apoio escolar adaptando os aspectos metodolóxicos ás características do alumnado, cun carácter flexible, tendo en conta a realidade individual

3. Social

- Promover e realizar actividades de tipo socio-cultural, artístico e educativo, que contribúan á formación, desenvolvemento e progreso da personalidade, así como á satisfacción de afeccións formativas.
- Desenvolver a dimensión afectiva, a autoestima e o propio coñecemento da persoa para mellorar a súa integración no medio social e cultural no que se desenvolve.

Art. 7º. A Xunta Directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos contidos nestes Estatutos e cubrir as súas lagoas, sempre someténdose á normativa legal vixente en materia de asociacións. Os presentes Estatutos serán desenvolto e cumpridos mediante os acordos que validamente adopten a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dentro da súa respectiva competencia.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Art. 8º. Na Asociación Lirica de Galicia serán linguas oficiais as recoñecidas no artigo 5º do Estatuto de Autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razóns de uso de calquera delas.

Contribuír á normalización da lingua propia de Galicia é un obxectivo fundamental da Asociación Lirica de Galicia. Para isto, será labor desta Asociación o estudo da realidade lingüística no seu seo e a elaboración de programas de normalización dirixidos a potenciar o seu pleno uso en tódolos ámbitos



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO II DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN

Art. 9º. A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Art. 10º. O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebren unha e outra.

O Presidente será designado pola Asemblea Xeral entre socios que teñan polo menos dous anos de antigüidade e o seu mandato durará seis anos. Poderá ser reelixido indefinidamente.

Ao Presidente compétenlle as seguintes funcións:

- a) Representar a Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva.
- c) Presidir as sesións da Asemblea Xeral.
- d) Dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- e) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- f) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- g) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Art. 11º. 1.- A **Xunta Directiva** estará formada polo presidente/a da Asociación, un secretario/a e un tesoureiro/a.

2.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa Asociación. As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola Asociación.

3.- A Asemblea Xeral será a competente para elixir os cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de 6 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

4.- Os cargos cesarán na súa función por:

- a) falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) renuncia voluntaria.
- c) transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- d) acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por 2/3 dos asociados reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Art. 12º. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.
2. Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
5. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados, en caso de existir.
6. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO

FIRMADO



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.

8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.

9. Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

10. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

11. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

Art. 13º. A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente, e, na súa ausencia, polo Secretario.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade dos seus membros. Das sesións o Secretario levantará acta, que se transcribirá no libro de actas.

Artigo 14º. A **Asemblea Xeral** de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes desta. O presidente e o secretario da Asemblea serán o presidente e o secretario da Xunta Directiva.

Artigo 15º. A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 30% dos socios. Neste último caso realizárase por medio de escrito dirixido ao presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 16º. A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente no mes de xaneiro a fin de aprobar o plan xeral de actuación da Asociación, censurar a xestión da Xunta Directiva, aprobar, no seu caso os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como o estado de contas correspondente o ano anterior.

Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva. A notificación farase nos locais da Asociación tanto para as asembleas ordinarias como para as extraordinarias.

Artigo 17º. Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar o plan de actividades.
2. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
3. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.

Artigo 18º. Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modificar os estatutos da Asociación.
2. Elixir e cesar aos integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da Asociación.
6. Designar os/as liquidadores/as.
7. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
9. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
11. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 19º. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do presidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

Artigo 20º. Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos ós apartados do 1 ó 7 do artigo 18º, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinarao o/a presidente/a e o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Artigo 21º. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos/as os /as asociados/as, incluso aos/ás non asistentes.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

As sesións abíranse cando así o determine o presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada. Posteriormente, o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 22º. Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos diante da Asemblea Xeral, sen prexuízo de presentar o correspondente recurso ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 23º. 1.- O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da Asociación nun libro establecido para este efecto.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

Artigo 24º. 1. O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

CAPÍTULO III

DOS SOCIOS, OS SEUS DEREITOS E DEBERES

Art. 26º. Poderán ter a condición de socios toda as persoas maiores de idade que dalgunha maneira teñan interese en servir ós fins da mesma e sexan admitidos pola Xunta Directiva que poderá outorgar o nomeamento de membro honorario ás persoas que estime oportuno, a título meramente honorífico, sen que isto leve consigo a condición xurídica de socio, seguindo os criterios da Lei de Asociacións e concordantes. Non obstante o anterior, poderán ser socios os menores de idade, non emancipados maiores de 14 anos, co consentimento, documentalmente acreditado das persoas das persoas que deban suplir a súa capacidade, sen



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

prexuízo do réxime previsto para as asociacións infantís, xuvenís ou de alumnos no artigo 7.2 da lei orgánica 1/1996 de 15 de Xaneiro de Protección Xurídica do menor. Estes non poden intervir no órgano de representación (xunta directiva) pero si no órganos de goberno, tanto con voz como con voto (assemblea xeral), sempre que acrediten a suplencia de capacidade prevista no artigo 3.b da LO 1/2002.

Art. 27º. Quen desexa pertencer á Asociación, solicitarao por escrito ao Presidente, quen dará conta á Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou non admisión do socio, sen posibilidade de ningún recurso contra o seu acordo.

Para ser socio non cómpre satisfacer cota algunha de carácter obrigatorio, aínda que voluntariamente poidan aportar a cota que desexen entre 20 e 100 € anuais. O único requisito para poder asociarse é comprometerse a cumprir os fins da asociación e axudar, cada un na medida das súas posibilidades, na mellora e difusión do labor da Asociación.

Art. 28º. Os socios poderán solicitar a súa baixa na Asociación voluntariamente, mediante escrito dirixido ao presidente da Asociación, no momento que o desexen. Ademais do anterior, a condición de asociado perderase por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do interesado. Os expedientes serán presentados perante a Xunta Directiva e posteriormente na Asemblea Xeral e contra o acordo da Xunta Directiva caberá recurso perante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

Art. 29º. Os membros da Asociación terán os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do estado de contas da Asociación e do desenvolvemento das súas actividades.
3. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el/a e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
4. Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

Art. 30º. Serán obrigas de todos os socios:

- Acatar os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva e o Presidente.
- Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ao cargo que desempeñen.
- Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a súa consecución.
- Ter unha boa conduta individual e cívica.

Art. 31º. Os actos indignos poderán ser sancionados pola Xunta Directiva por infrinxir reiteradamente os presentes Estatutos ou os acordos da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva. As sancións poden comprender desde a suspensión dos seus dereitos durante un mes para caso de falta leve ata a separación definitiva da Asociación para casos graves.

CAPÍTULO IV DO RÉXIME ECONÓMICO



**REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS**

Art. 32º. A Asociación carece de patrimonio e o límite do orzamento anual será ilimitado. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 33º. A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do 10 de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Art. 34º. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades da Asociación serán os seguintes:

- a. As cotas periódicas ou extraordinarias de socios que así o decidan.
- b. As cotas abonadas polos asistentes ás actividades organizadas pola Asociación.
- c. As subvencións de organismos oficiais.
- d. Os convenios culturais ou de cooperación subscritos.
- e. Os obtidos por actuacións ou representacións artísticas.
- f. Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, ou doazóns que poida recibir en forma legal.
- g. Os ingresos que obteña a Asociación mediante as actividades lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.
- h. Os obtidos por calquera outro recurso lícito.

Artigo 36º. Anualmente, con referencia ó ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 37º. Para a disposición de fondos das contas que a Asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura única do presidente.

Artigo 38º. Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 39º.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 40º. Os ditos estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 41º. A Asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 42º. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente e o/a tesoureiro/a, procederán

para efectua-la liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 43º. O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

D/D^a Pilar Cabrera Varela, con DNI 33208432C titular da secretaría da Asociación Lirica de Galicia con domicilio na R/ Tornos núm.20 baixo da localidade de A Coruña provincia de A Coruña C.P.15007, e NIF G70053525, inscrita co núm.: 2006/9767-1 no Rexistro Central de Asociacións.

CERTIFICA que os Estatutos da asociación foron modificados por acordo da Asemblea xeral extraordinaria de data 07 de Marzo de 2020

En A Coruña a 7 de Marzo de 2020

Asdo: O Secretario

Vº e prace

Asdo.: A Presidenta



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DE
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Quedan VISADOS e incorporados ó Rexistro Central desta
Comunidade Autónoma, nº de Rexistro Asociación 2006/9767-1º

Santiago de Compostela

12 XUN, 2020

O/A ENCARGADO/A DO REXISTRO



María Amadora Rodríguez Carreira



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

FERNANDO BALBOA RODRÍGUEZ
asociación LÍRICA DE GALICIA
RÚA TORNOS, 20 B
15007 A CORUÑA

XUNTA
DE GALICIA

Saída 552887 / RX 778253

REXISTRO ELECTRÓNICO

Data 16/06/2020 13:18:01



Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 05/05/2020 recibíuse solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada por Fernando Balboa Rodríguez en nome e representación da **asociación LÍRICA DE GALICIA**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 2006/009767-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral o 07/03/2020, así como o texto íntegro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros datos, os fins da asociación, o ámbito territorial de actuación correspondente á **Comunidade Autónoma de Galicia**

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 74/2018 do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os estatutos modificados da asociación LÍRICA DE GALICIA e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito primeiro desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2020

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas
Mª Amadora Rodríguez Carreira

Vº e prace:
O subdirector xeral de Réxime Xurídico
José Ramón Pardo Cabarcos

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede
A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

Asinado por: PABLO CABARCOS, JOSE RAMON
Cargo: Subdirector Xeral
Data e hora: 15/06/2020 14:48:58

Asinado por: RODRIGUEZ CARREIRA, MARIA
Cargo: Xefa Do Servizo
Data e hora: 15/06/2020 09:15:21

Asinado por: CUIÑA BARJA, BEATRIZ
Cargo: Secretaria Xeral
Data e hora: 16/06/2020 09:48:40

CVE: uVPrq/bz7o1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021

